

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de novembro de 2022**

Ás 17.05 horas do día 16 de novembro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luis Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular e presidente da comisión, don Plácido Álvarez Dobaño (substituído por don D. Rosendo Luis Fernández Fernández), nin o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona Ana Patricia Torres Madureira).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 19 de outubro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2022 E DA DATA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro, que se realizará o día 23 de decembro de 2022, ás 10.00 horas.

2º.- As comisións informativas terán lugar os días 14 (mércores) e 15 (xoves), coa mesma orde que todos os meses.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ADECUACIÓN Á LEGALIDADE DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que este asunto xa se ten tratado de forma reiterada durante este mandato, e que xa sabe cal vai ser a postura do Pleno neste asunto, polo que non ten esperanza en que se cambie a forma de actuar. Entende que se debería instar ao Goberno do Estado a que faga unha lei clara e onde se recolla claramente a regulación deste tipo de contratación e que seguro que o Grupo Socialista contará co apoio do deputado do BNG. Engade que é evidente que nesta Deputación se abusa da figura co contrato menor e que isto non sería así se a norma fose clara e non permitise interpretacións. Entende que a moción do Grupo Socialista é ben intencionada pero que o recorrido será curto e que a decepción está servida.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial presidido por Manuel Baltar, a acomodar os seus procesos de contratación á legalidade vixente e aos contundentes informes emitidos polo Consello de Contas de Galicia, evitando o uso abusivo dos contratos menores, convertidos actualmente no procedemento normal de adxudicación.

2º.- O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial presidido por Manuel Baltar, a executar as licitacións e adxudicacións de contratos cumprindo estritamente o estipulado na normativa española e comunitaria vixente en materia de contratación, utilizando para a súa adxudicación os procedementos abertos ou o restrinxidos, con base a unha pluralidade de criterios baseados no principio de mellor relación calidade-prezo.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA RECLAMARLLE Á XUNTA DE GALICIA INVESTIMENTOS INDUSTRIAIS NA PROVINCIA DE OURENSE

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que coincide coa maior parte das propostas de acordo, se ben é posible que traten de mellorar a moción con algunha emenda antes da sesión plenaria. Sinala que o Parlamento do Estado ten moia marxe para legislar a favor das zonas pouco poboadas e que a creación de emprego industrial pode ser unha parte da solución ao problema de despoboamento. Sinala que debemos reclamar políticas que activen o emprego e as iniciativas empresariais neste territorio, como pode ser, por exemplo, a redución de impostos ás empresas que teñan o seu sistema produtivo en zonas pouco poboadas. Insiste en que é o Estado o que ten moia marxe de manobra nesta materia. Por último, lembra a súa intervención no Pleno sobre o estado da provincia onde se expuxeron os datos do emprego industrial nesta provincia, que presenta uns datos demoledores.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias exclusivas en materia de promoción económica e industrial, mediante a elaboración das políticas e proxectos de apoio, impulso e execución de investimentos industriais na provincia de Ourense, tanto de carácter público como mediante acordos

público-privados, co fin de impulsar unha mellora da economía local e para loitar contra o reto demográfico.

2º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a non marxinar a provincia de Ourense na promoción, impulso ou apoio novos investimentos prioritarios de carácter industrial dentro de Galicia, promovendo, motu proprio, proxectos de interese autonómico ou intercedendo para que proxectos deste sector cofinanciamentos mediante acordos económicos públicos-privados, sexan localizados na provincia ourensá.

3º.- A Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno central a exercer as súas competencias en materia de cooperación e coordinación coas comunidades autónomas, especialmente coa de Galicia, en materia de industria, así como as destinadas a favorecer e impulsar a actividade empresarial das pemes, mediante a elaboración de políticas que permitan o desenvolvemento industrial e que tamén estimulen a consolidación e crecemento do noso tecido industrial, co fin de lograr novos investimentos de gran tamaño para a provincia de Ourense.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que estes días tivo coñecemento de que novamente quedou deserto o concurso para a xestión da Estación de Montaña de Manzaneda. Espera que esta vez non se faga como na última licitación, na que se fixo logo unha invitación directa a unha empresa sen concorrência. Roga que a Deputación, como membro do Consello de Administración de Meisa, promova a dita concorrência na licitación indicada.

O presidente da comisión toma nota do rogo.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

